

Vista a solicitude de designación dunha asesora que, o día 12.07.2019, formula o Tribunal cualificador das probas selectivas para o ingreso, polo sistema de promoción interna na escala técnica de grao medio (subgrupo A2), subescalas: informática, medios audiovisuais, secretario técnico (OTRI), deseño gráfico (SIC) e grao medio (xefe de taller), convocadas pola resolución do 20 de agosto de 2018 (DOG do 13 de setembro de 2018).

Esta Xerencia, en uso das atribucións conferidas no artigo 40 dos Estatutos desta Universidade, aprobados polo Decreto 101/2004, do 13 de maio (DOG do 26 de maio), e da delegación de competencias operada por Resolución reitoral do 12 de xaneiro de 2016, e tendo en conta o previsto no art. 7º do Decreto 95/1991, do 20 de marzo (DOG do 25 de marzo) que aproba o regulamento de selección do persoal da Comunidade Autónoma de Galicia e na base 6.6 da convocatoria

RESOLVE:

Nomear asesora do devandito tribunal a Marisol Rios Noya, técnica coordinadora en Normalización Lingüística, co dereito a percibir por este cometido unha gratificación igual a que percibe un vogal deste tribunal por cada sesión.

A Coruña, 15 de xullo de 2019

O xerente,

Ramón del Valle López

Código Seguro De Verificación	K/qrAUIYp91jXMxz+vd0gg==			Estado	Fecha y hora
Firmado Por	Ramón Alberto del Valle López - Xerente			Firmado	15/07/2019 12:38:43
Observaciones				Página	1/1
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/K/qrAUIYp91jXMxz+vd0gg==				

